

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VILAR DE SANTOS, PARA A CESIÓN DO USO AO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO, DUNHA SALA NO CENTRO DE SAÚDE DE VILAR DE SANTOS

En Ourense, a 1 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, don Xoán Xosé Jardón Pedras, actuando en nome e representación do Concello de Vilar de Santos, en virtude da súa condición de Alcalde, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Con data 28 de xaneiro de 2019, o Alcalde do Concello de Vilar de Santos, don Xoán Xosé Jardón Pedras, solicitou perante o Servizo Galego de Saúde, permiso para que o departamento de servizos sociais do Concello poida utilizar unha sala no Centro de Saúde de Vilar de Santos, para levar a cabo a súa labor.

Segundo.- O titular da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, a vista da petición formulada dende a Alcaldía do Concello de Vilar de Santos, propuxo a tramitación dun convenio, co obxecto de formalizar a cesión do espazo solicitado, todo elo, tendo en conta que dito espazo destinárase exclusivamente á realización das funcións propias do departamento de servizos sociais do Concello.

Terceiro.- A actividade que se pretende desenvolver no espazo solicitado, responsabilidade exclusiva do Concello de Vilar de Santos, non ten ánimo de lucro, busca a satisfacción dos intereses públicos dos veciños e veciñas do Concello que o precisen e non resulta incompatible coa afectación do inmovible.

De acordo co exposto, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto deste Convenio é a cesión a título gratuito e en concepto de precario por parte do Servizo Galego de Saúde ao Concello de Vilar de Santos, do dereito de uso da sala situada na planta baixa, local número 01 do Centro de Saúde de Vilar de Santos.

A finalidade do uso desta sala, é para que o departamento de Servizos Sociais do Concello leve a cabo as súas funcións de intervención, atención directa e asesoramento aos usuarios que acoden ao Centro de Saúde, utilizando a dita sala, os luns, en horario de 09.30 a 12.00 horas.

O espazo cedido deberá ser destinado única e exclusivamente á realización das súas funcións, polo departamento de servizos sociais do Concello. Ditas funcións non resultan contraditorias coa afectación da sala obxecto de cesión.

Segunda. Durante o prazo de vixencia da cesión, a sala será de uso exclusivo e único do Concello, quen se compromete a non arrendar, traspasar ou ceder, sequera temporalmente nin a título precario a terceiras persoas os dereitos de uso que ostenta.

O Concello de Vilar de Santos farase cargo do mantemento da sala en condicións axeitadas de uso.

A autorización que se concede non implica a autorización sanitaria nin calquera outra derivada das actividades que vaia a desenvolver alí o Concello, que é quen debe solicitar as autorizacións pertinentes, eximíndose ao Servizo Galego de Saúde de dita responsabilidade, ou de calquera outras, que poidan derivarse da realización das actividades sen as autorizacións precisas.

O Concello de Vilar de Santos deberá dispoñer en todo momento das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades.

Terceira. Este convenio non supón gasto para o Servizo Galego de Saúde, e por isto, non se precisa consignación orzamentaria.

Cuarta. Con anterioridade ao inicio da cesión de uso da sala, o Servizo Galego de Saúde, a través do persoal da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras levantará a correspondente acta previa, en presenza dun representante debidamente apoderado do Concello, no que se describa o estado xeral da sala, debendo ser a acta asinada por ámbalas dúas partes.

Quinta. A responsabilidade polos actos ou actividades que se desenvolvan na -sala cuxo uso se cede, corresponderalle por enteiro ao Concello de Vilar de Santos, quedando o Servizo Galego de Saúde excluído da mesma. Neste senso, o Servizo Galego de Saúde non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais, que por accións ou omisións de calquera clase, poidan producirse dentro do espazo que agora se ceden.

Asemade, o Concello comprométese:

A poñer en coñecemento da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, calquera acto dun terceiro do que teña noticia, que sexa capaz de causar danos na sala cedida.

A informar por escrito, sempre que sexa necesario ou requirida ao efecto, das deficiencias e deterioros que presente a sala da que é cesionario.

A responder fronte a Xerencia de Xestión Integrada e fronte a terceiros de tódolos danos que poidan derivarse directa o indirectamente desta cesión.

Con esta finalidade, o Concello garantirá, mediante a subscripción dun seguro de accidentes e doutro de responsabilidade civil, do que dará conta ao Servizo Galego de Saúde con anterioridade ao comezo do uso da sala, a cobertura de calquera continxencia ou risco que puidese ocorrer, no desenvolvemento do seu programa de actividades nas instalacións que se lle cede o uso, e que a cesionaria deberá manter durante toda a vixencia do presente convenio.

O Concello responderá subsidiariamente co seu patrimonio, fronte a todo risco excluído das coberturas nas pólizas de responsabilidade civil ou no seguro de accidentes subscritas. Así mesmo, deberá facer fronte a calquera posible indemnización, polos danos e prexuízos ocasionados no exercicio da súa actividade nas instalacións do Servizo Galego de Saúde, que supere os límites do capital asegurado establecidos nas pólizas de responsabilidade civil e seguro de accidentes.

Exímese ao Servizo Galego de Saúde e a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras de calquera responsabilidade ao respecto.

Sexta. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control deste convenio, coa fin de resolver ás dúbidas que poida presentar a súa execución e interpretación. Esta comisión estará composta por:

- dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- dous representantes do Concello de Vilar de Santos.

Sétima. A cesión do uso da sala, extinguirase polas seguintes causas:

- a) O acordo unánime das partes asinantes.
 - b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control.
- Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos danos e perdas causados.
- c) Por decisión xudicial declaratoria, da nulidade do convenio.
 - d) Se a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras tivese necesidade da sala cedida, resolverá este convenio, sen que corresponda indemnización algunha ao Concello e con inmediato abandono por parte deste das instalacións. Para tal efecto, a xerencia avisará cun mes de antelación, para que neste prazo, o Concello deixe de utilizala.
 - e) A expiración do prazo fixado.

En todo caso, esta cesión do dereito do uso da sala se outorga en precario, podéndose revogar en calquera momento, sen que o Concello, teña dereito a percibir indemnización algunha.

Oitava. A extinción por calquera causa da cesión do uso da sala producirá a súa reversión á Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras.

O Concello de Vilar de Santos poderá retirar os bens da súa propiedade que se atopasen na sala cedida.

Cando finalice a cesión, o Servizo Galego de Saúde, a través do persoal da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras levantará a correspondente acta de entrega en presenza dun representante debidamente apoderado do Concello, na que se indicará o estado xeral da sala e, no seu caso, os danos e prexuízos de calquera clase para os efectos da súa reparación ou indemnización posterior a cargo do Concello, sempre que aqueles fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas neste convenio.

Novena. As obrigas sociais e laborais respecto ao persoal que achega o Concello corresponderán única e exclusivamente a esta entidade. A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras e o Servizo Galego de Saúde manteranse alleos ás devanditas relacións laborais.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do Concello e a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras.

A subscrición do presente convenio non comporta relación contractual algunha entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas ou profesionais que realicen as actividades que desenvolverá o Concello na instalación cedida que constitúan obxecto do mesmo, de tal forma que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha nin directa nin subsidiaria por calquera incidencia acaecida no desenvolvemento do mesmo.

Décima. O Concello terá a obriga de custodia e vixilancia sobre os bens mobles de titularidade da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, situados na sala.

O Concello de Vilar de Santos está obrigado a conservar a sala cedida en perfectas condicións, debendo solicitar autorización da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, no seu caso, para a realización de calquera tipo de reforma ou actuación, debendo ser aprobadas e supervisadas estas pola EOXI. En tanto non dispoña da autorización indicada, non poderá iniciar aquelas.

Décimo primeira. O presente convenio terá unha vixencia de catro anos, dende a data da súa sinatura.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Décimo segunda. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas estipulacións, así como polo establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en todo o que lle resulte de aplicación. No seu defecto, polo previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en particular os principios e criterios que a informan, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran suscitarse na interpretación e aplicación do convenio.

Así mesmo, rexe a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, no que lle sexa preceptivo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do convenio, resolveranse ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Décimo terceira. A sinatura do presente Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen no mesmo, para que a Administración Pública Autonómica poida facer públicos os seus datos de carácter persoal que figuren no mesmo, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan catro exemplares do presente convenio de colaboración, a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Conselleiro de Sanidade
(P.D. do 11 de setembro de 2019)
O xerente de Xestión Integrada
de Ourense, Verín e O Barco
de Valdeorras

O Alcalde do Concello de Vilar de
Santos

Felix Rubial Bernárdez

Xoán Xosé Jardón Pedras